

## Canón das Feinteiras

Sinxelo barranco, combinable co Rego do Val, acuático con caudal permanente, augas frías e de rápeles e destrepes curtos pero intensos. Esquistos pizarrosos, moi brandos polas condicións de humidade e case carencia entrada de sol pola orientación Sur -Norte.

### Aproximación en coche.

Dende Fogoso do Courel, tomar dirección **Quiroga por LU-651**, ata curva moi pronunciada, en cambio de rasante a esquerda. En esa curva tomaremos unha pista por esquerda ascendente. A 1Km 800 mts divisamos nave industrial abandonada "o secadero", , punto de parking de aproximación a **Rego do Val**. Para **Feinteiras**, continuaremos en coche hasta pista que ascende por dereita a Repetidor de TV a dereita. Hai aparcaremos, pois o acceso esta próximo 50 mts mais adiante en camiño que descende a media ladeira.

### Acceso .

Tomamos senda descendente que se interna na fraga, sempre a media ladeira deixando senda de retorno a esquerda. Pasamos un regato e entramos en zona corta moi vestida por silvas, que o cruzar entramos en zona moi húmida con aportes de augas e sendas de animais, polas que debemos continuar a media ladeira, e que nos levan o canón, buscando polo seu lateral a entrada, perfectamente clara en un adentándonos uns resalte de 4 mts.

### Descenso.

Un tramo estreito entre paredes, indica a foza da auga que este tramo tivo en algún momento, abríndose posteriormente, para dar inicio a zona de rápeles e resaltes continuos. Precaución en algunha aproximación a cabeceira, moi esvaradío , e con escapes laterais por marxe dereita. Continuar, o saír do ultimo rápel, por canais a dereita, descendendo con precaución hasta volver a tomar cota co río 100 mts mais abaixo. Antes de unirse o Río Carballido, existe una senda ascendente por marxe esquerda, que nos leva a un coto mirador.

Dende ese punto tomar senda que en zig-zag vai o Sur, e que Fitos marcan os cruces e que tras ascender un murete de terra, nos deixa no camiño de retorno evidente en solo 25 min.

### Materiais:

Neopreno completo / 2 cordas de 15 m / bagas de anclaxe / descendedor.  
Descenso equipado con anclaxes químicos e parabolts con Fixe2

### Tempos:

Aproximación desde Folgoso en coche 15 min. Entrada no río 15min.Descenso 1:30 hrs.  
Escape final 25 min.Necesario solo coche. **Combinable con Rego do Val.**